



## **ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA EXPEDICION DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.**

### **ARTIGO 1. *Fundamento e natureza.***

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello acorda a imposición da taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

### **ARTIGO 2. *Feito imponible.***

Constitúe o feito imponible da taxa, a actividade administrativa correspondente á tramitación de expedientes e á expedición de toda clase de documentos, a instancia de parte.

Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio malia que non mediase solicitude expresa do interesado.

Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de expedientes e a expedición de documentos necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou á realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público.

### **ARTIGO 3. *Suxeito pasivo.***

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou obteñan beneficio da tramitación do documento ou expediente de que se trate.

### **ARTIGO 4. *Responsables.***

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.



Serán responsables subsidiarios as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

#### **ARTIGO 5. *Devengo.***

A presente taxa devengarase coa presentación da solicitude que da lugar ao inicio da tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.

Nos casos ós que se refire o artigo 2.2, o devengo producirase cando se inicie a tramitación dos documentos e expedientes por parte da Administración, sen previa solicitude do interesado/a, pero redunde no seu beneficio.

#### **ARTIGO 6. *Cota tributaria.***

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos expedientes ou documentos a tramitar, de acordo coas tarifas que se conteñen no artigo seguinte.

#### **ARTIGO 7. *Tarifas.***

- 1) Documentos expedidos por dependencias municipais:
  - a) Certificacións de acordos municipais: 15,11 euros
  - b) Certificados históricos do padrón de habitantes: 23,40 euros
  - c) Certificados ordinarios do padrón de habitantes: 3 euros.
  - d) Certificados de documentos non comprendidos anteriormente: 11,20 euros.
- 2) Expedición de fotocopias:
  - a) Fotocopias (DIN A4)=0,33 euros
  - b) Fotocopias (DIN A3)=0,71 euros
- 3) Dilixencias de cotexo de documentos: 1 euro.
- 4) Dereitos de exame: 30,03 euros.

#### **ARTIGO 8. *Declaración e ingreso.***

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.



Os escritos recibidos polos condutos a que fai referencia o artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de decembro, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisoriamente, pero non se lle dará curso sen que se corrixa a deficiencia, para o que se requirirá ó interesado ó fin de que, no prazo de dez días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido este prazo sen efectualo, teranse estes escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal a petición dos xulgados ou tribunais para toda clase de preitos, cando sexan probas propostas a instancia de parte, non se entregarán nin remitirán sen que sexa abonada previamente a correspondente cota tributaria.

#### **ARTIGO 9. *Infraccións e sancións***

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no artigo 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

#### **Disposición adicional.**

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao índice de prezos ao consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estadística.
2. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

#### **Disposición final.**

A presente ordenanza foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o 29 de novembro de 2011, e publicada definitivamente no BOP núm 17 de xaneiro de 2012 ,entrando en vigor no momento da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Meis, 18 de xaneiro de 2012

O Alcalde

José Luis Pérez Estévez